

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D^a. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA)

D. Carlos Caaveiro Puentes (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e sete de novembro do ano dous mil dezasete, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.

Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D^a. Ana M^a. Prieto Martínez.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25/09/2017

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade procede á aprobación da citada acta.

2º.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA COMPRENSIVOS DO 17/2017 AO 21/2017

O Pleno toma coñecemento dos Decretos da Alcaldía comprensivos do 17/2017 ao 21/2017, copia dos cales figuran a disposición dos concelleiros/as xunto coa documentación do presente Pleno.

3º.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2018

Previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, emitido en sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2017, o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA, acorda:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	124.520,42 €
Subtotal gasto corrente	124.520,42 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Pv. Porta da Pena-Chao da Aldea e Camiño o Cal	30.000€	2.020,35€	32.020,35€
Subtotal investimentos achega provincial 2018	30.000€	2.020,35€	32.020,35€

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos “financeiramente sostibles”)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Parque recreativo de Subarreiros	171	101.173,12€	5.411,99 €	106.585,11€
Pv. Bernés e Pedrós	1532	50.431,82€		50.431,82€
Subtotal investimentos achega provincial 2017		151.604,94€	5.411,99 €	157.016,93€

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
Subtotal achega municipal 2018	

Denominación do investimento “financeiramente sostible” doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
Subtotal achega municipal 2017		

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2018” aplicado á redución da débeda
BBVA	0182624489545687261	137.027,54 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		137.027,54 €

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017			
	Achega 2018			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	124.520,42 €		124.520,42 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	30.000€	2.020,35€	32.020,35 €
	Achega 2017	151.604,94€	5.411,99€	157.016,93€
	Préstamo 2018			
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018			

E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018			
	Achega 2017			
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	137.027,54€		137.027,54€
T O T A L	Achega 2018	154.520,42 €	2.020,35€	156.540,77€
	Achega 2017	151.604,94€	5.411,99€	157.016,93€
	Préstamo 2018	137.027,54€		137.027,54€
	TOTAL	443.152,90€	7.432,34€	450.585,24€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Pv. Cruz do Pouso - Gandarela	1532	59.998,71€
Pv. Ladeiro	1532	32.474,57€
Pv. Cobeluda	1532	40.607,59€
PAV. CAMIÑOS EN TRASMONTE - CASADELOS (nos: 26,1, 27, 36 do Inventario municipal)	1532	69.462,37€
PAV. CAMIÑOS EN O COTO - BAJADAS PASEO (no: 34 do Inventario municipal)	1532	30.000,99€
PAV. CAMIÑOS BEIRA BELELLE Y BASTEIRO (no: 43 do Inventario municipal)	1532	34.848,91€
PAV. CAMIÑOS EN TOELEIRA-EMPEDRON-PASEO (nos: 54, 55, 56 do Inventario municipal)	1532	37.381,30€
PAV. CAMIÑOS EN FONTEVELLA (nos: 45, 57 do Inventario municipal)	1532	35.430,70€
PAV. CAMIÑOS EN OS PAZOS - A SILVA (nos: 44, 47, 48 do Inventario municipal)	1532	48.175,64€
Mellora e adecuación do saneamento en Regueiro	160	77.127,01€
TOTAIS		465.507,79€

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

DEBATE: Sr. Pita Galego: comentamos na Comisión Informativa que se nos pasaron os proxectos o mesmo día, e por tanto, sen tempo para estudalo, por iso solicitamos que para vindeiras convocatorias se nos de unha participación efectiva para poder facer propostas ao respecto.

En canto ao fondo do asunto, practicamente todo o POS vai destinado ao asfaltado de camiños, e aínda que necesario, tamén consideramos moi necesaria a reparación de parques infantís, para adecualos entre outras cousas á normativa vixente.

A pista polideportiva dos Subarreiros non debería quedarse so en iso, xa que hai peticións dos veciños para facer unha pista de skate e unha pista para bicis.

Pedimos un maior compromiso con estas necesidades e peticións veciñais, e por iso non podemos votar a favor da proposta.

Sr. Alcalde: trátase de executar todos os camiños posibles para dar servizo á cidadanía, xa que hai máis necesidades, pero que iremos cubrindo paulatinamente. Por exemplo as mencionadas pistas de bicis e skate, a reparación da Biblioteca, etc.

Sr. Cabezón Lorenzo: se vai retirar o tapón existente en Pename, para que poidan pasar os camión de bombeiros cando sexa preciso? Porque de momento a caseta sigue ahí.

Sr. Alcalde: se está en negociación.

4º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE PROPOSTA DOS ESTATUTOS DA “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Acta de data 5/07/2016 da reunión celebrada en Carral entre os representantes de ditos concellos na que se consensou unha proposta de estatutos para a constitución da asociación como fase previa á aprobación dos estatutos por cada concello, establecendo tamén a estrutura de cotas a aportar por cada municipio en función da súa poboación.

-Providencia de alcaldía deste Concello de Neda de data 20 de novembro de 2016 e informe conxunto de secretaría e intervención de data 21 de novembro de 2016.

-Acordo plenario deste Concello de Neda de data 24/11/2016 do seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- Adherirse á “Asociación de Concellos do Camiño Inglés” de Santiago.

SEGUNDO.- Prestar aprobación á proposta de Estatutos, do seguinte tenor literal:
..... (omítese a reprodución completa por ter sido debidamente transcrita e remitida na certificación inicial do presente acordo).

TERCEIRO.- Nomear como representante do Concello na Asociación a D. Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde-Presidente, e como suplente ao concelleiro/a que ostente as delegacións da Alcaldía en materia de Turismo.”

-Acta de data 20/06/2017 da Asemblea celebrada en Carral entre os representantes de ditos concellos na que se aproban e asinan os estatutos e se elixe á Xunta directiva que rexerá a Asociación de concellos do camiño inglés, xuntando a Acta Fundacional específica para a remitir ao Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

-Requirimento de subsanación de deficiencias da xefa de sección da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data 27/09/2017, no que indica que hai que revisar e modificar determinados artigos dos estatutos.

Considerando o disposto na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación e da Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

De conformidade do disposto nos artigos 22.2.b) e 47.2.g) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por parte da Alcaldía-Presidentencia

PROPONSE ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, emitido en sesión de data 21 de novembro de 2017, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación dos seguintes artigos dos estatutos da "Asociación de concellos do Camiño inglés" aprobados polos Plenos dos concellos integrantes da asociación e polos representantes de ditos concellos na Asemblea de data 20/06/2017:

-Engádese un punto 3 ao artigo 19:

“As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro” .

-Modifícase a redacción do artigo 22.1.c):

“Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente”.

SEGUNDO.- Remitir o acordo adoptado de forma urxente ao Concello de Carral para a convocatoria da Asemblea que aprobará a modificación dos estatutos e sinatura dos textos definitivos para enviar ao Rexistro de Asociacións e dar por cumprido o requirimento de data 27/09/2017 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria, e por unanimidade, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, quedando convertida en acordo nos seus propios termos.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A portavoz do grupo municipal da lectura á moción, do seguinte tenor literal:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis, con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, desde o Grupo Socialista queremos manifestar o noso máis firme compromiso coas mulleres vítimas da violencia de xénero. Un compromiso activo día a día, porque para erradicar a violencia requírese o compromiso individual e colectivo durante todos os días do ano.

A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres, debe ser unha prioridade que nos obriga a toda a sociedade no seu conxunto. Unha obrigación que lle corresponde en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.

A violencia de xénero afunde as súas raíces na histórica desigualdade que tiveron e aínda seguen tendo as mulleres, como consecuencia do patriarcado existente nas nosas sociedades, por iso é fundamental abordar a súa erradicación desde as políticas de igualdade, desde o feminismo, para favorecer unha cultura da igualdade fronte a unha cultura da submisión.

No noso país dispomos dun marco legislativo a través da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, tamén de leis autonómicas na maioría das Comunidades Autónomas e recentemente foi aprobado polo Congreso dos Deputados o Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.

Para contribuír a erradicar a violencia de xénero precísanse medidas políticas e institucionais desde os diferentes ámbitos que aborden o problema de maneira integral e sexan capaces de dar resposta ás necesidades específicas das mulleres vítimas e ás das súas fillas e fillos.

Non se poderá avanzar na erradicación da violencia e na atención específica ás mulleres, se non se establecen os mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, pero tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas administracións dos recursos económicos e de persoal especializado adecuados.

Na resposta integral, as administracións locais son unha peza cruce e xogan un papel fundamental. Os Concellos pola súa propia definición como institución máis próxima á cidadanía e ás necesidades sociais, supoñen o primeiro estamento na prevención así como na atención a través de información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos.

É imprescindible dotar de novo aos Concellos das súas competencias en materia de igualdade. É necesario e imprescindible contar coas estruturas municipais e a súa implicación na loita contra a violencia de xénero, e para iso é fundamental dotarlles de recursos adecuados.

Neste sentido, convén sinalar o aprobado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA, con respecto aos Concellos e á función que deben desempeñar.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista, propomos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1.- Instar o Goberno de España, a que inicie os trámites para as modificacións legislativas necesarias, ao obxecto de devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.

2.- Instar o Goberno de España, o cumprimento do compromiso económico acordado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ao obxecto de destinar vía transferencia aos Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os próximos 5 exercicios, para o desenvolvemento das medidas correspondentes contempladas no devandito Pacto.

3.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, a Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao Ministro de Facenda e Función Pública, así como ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

DEBATE: Sr. Cabezón Lorenzo: estamos a favor desta moción, pero facer isto custa diñeiro, e as asignación sempre están en función da marcha da economía. Por iso, queremos lembrar aos grupos municipais a necesidade de aprobar os presupostos xerais do Estado, entre outras razóns, para poder facer fronte ás necesidades a que alude esta moción.

Sr. Pita Galego: estamos a favor; pero ao mesmo tempo pedimos que se fagan campañas contando con todos os grupos municipais.

Sra. Pena Barcia: non estou de acordo coa túa afirmación, porque todos sabemos que este día está aí, no calendario, e pedín na Comisión Informativa de Asuntos Sociais que se fixeran aportación, e non se fixo ningunha.

Sr. Pita Galego: cando se quere colaboración, se fan invitacións.

Sra. Insua Cabanas: me ofrecín a facer aportacións na citada Comisión Informativa, pero logo o PSOE presentou esta moción, coa que estamos de acordo, e xa non fixemos ningunha aportación complementaria.

Sra. Bouza Bellón: estamos tamén de acordo coa moción; se avanzou moito nesta materia, pero aínda queda moito por facer, e ademais hai que telo presente no so ese día, senón todos os días, tamén en asignacións orzamentarias.

Presentamos neste intre una **emenda de adición** á moción presentada polo PSdeG-PSOE, coa seguinte literalidade:

"Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, así como a destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada."

VOTACIÓN: Coa emenda de adición presentada polo BNG á moción inicial presentada polo PSdeG-PSOE, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á citada moción, cuxo texto definitivo é o seguinte:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Un ano máis, con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, desde o Grupo Socialista queremos manifestar o noso máis firme compromiso coas mulleres vítimas da violencia de xénero. Un compromiso activo día a día, porque para erradicar a violencia requírese o compromiso individual e colectivo durante todos os días do ano.

A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres, debe ser unha prioridade que nos obriga a toda a sociedade no seu conxunto. Unha obrigaón que lle corresponde en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.

A violencia de xénero afunde as súas raíces na histórica desigualdade que tiveron e aínda seguen tendo as mulleres, como consecuencia do patriarcado existente nas nosas sociedades, por iso é fundamental abordar a súa erradicación desde as políticas de igualdade, desde o feminismo, para favorecer unha cultura da igualdade fronte a unha cultura da submisión.

No noso país dispomos dun marco legislativo a través da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, tamén de leis autonómicas na maioría das Comunidades Autónomas e recentemente foi aprobado polo Congreso dos Deputados o Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.

Para contribuír a erradicar a violencia de xénero precísanse medidas políticas e institucionais desde os diferentes ámbitos que aborden o problema de maneira integral e sexan capaces de dar resposta ás necesidades específicas das mulleres vítimas e ás das súas fillas e fillos.

Non se poderá avanzar na erradicación da violencia e na atención específica ás mulleres, se non se establecen os mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, pero tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas administracións dos recursos económicos e de persoal especializado adecuados.

Na resposta integral, as administracións locais son unha peza crave e xogan un papel fundamental. Os Concellos pola súa propia definición como institución máis próxima á cidadanía e ás necesidades sociais, supoñen o primeiro estamento na prevención así como na atención a través de información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos.

É imprescindible dotar de novo aos Concellos das súas competencias en materia de igualdade. É necesario e imprescindible contar coas estruturas municipais e a súa implicación na loita contra a violencia de xénero, e para iso é fundamental dotarlles de recursos adecuados.

Neste sentido, convén sinalar o aprobado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA, con respecto aos Concellos e á función que deben desempeñar.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista, propomos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1.- Instar o Goberno de España, a que inicie os trámites para as modificacións legislativas necesarias, ao obxecto de devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.

2.- Instar o Goberno de España, o cumprimento do compromiso económico acordado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ao obxecto de destinar vía transferencia aos Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os próximos 5 exercicios, para o desenvolvemento das medidas correspondentes contempladas no devandito Pacto.

3.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, a Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao Ministro de Facenda e Función Pública, así como ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

4.- Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, así como a destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MOVENEDA, EN RELACIÓN CO REXEITAMENTO DA LEI 5/2017, DE FOMENTO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS

O portavoz do grupo municipal da lectura á moción, do seguinte tenor literal:

Rexeitamento da Lei 5/2017 de Fomento de Iniciativas Empresariais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A Lei 5/2017, de Fomento de Iniciativas Empresariais, que aprobada pola Xunta de Galicia, tras ser presentada como proposición polo Partido Popular pola vía de urxencia no Parlamento galego, lonxe de ser unha disposición xeral para a planificación e dinamización económica do tecido empresarial e produtivo, reduce garantías nos trámites ambientais, rebaixa o réxime de protección do patrimonio, mingua a participación da cidadanía e dos concellos nos trámites ambientais e de autorización previa de proxectos e, en resumo, constitúe unha norma flexibilizadora, liberalización e desreguladora das políticas mineiras, enerxéticas e forestais en Galicia en favor dos intereses privados das grandes operadoras do mercado en ditos sectores.

2.- Malia falar de participación social e para acadar a súa aprobación, o Partido Popular utiliza un procedemento parlamentario de urxencia para excluír o trámite de consulta previa e participación pública e para limitar o propio debate parlamentario da mesma. O texto preséntase como proposición, e non como proxecto de lei, eludindo dese xeito ditas consultas públicas e informes previos. Ademais, utiliza a vía de urxencia, para reducir á metade os prazos de debate parlamentario e de presentación de emendas.

Mesmamente, as variadas emendas do Grupo parlamentario do PP á súa propia proposición de lei, e que ao mesmo tempo que subsanan erros maiúsculos do texto orixinal, incrementan a liberalización e desregulación do sectores económicos.

3.- Baixo a fraudulenta motivación de fomentar a dinamización e a competitividade da economía galega e o fomento de iniciativas empresariais, o que se introducen atrás son cambios transcendentais na normativa xeral dos **sectores mineiro, eólico e forestal**, nunha disposición normativa que convértese dese xeito nun “*totum revolutum*” que evidencia a falla de planificación, mesmo normativa, do goberno galego en ditos sectores. Sectores todos eles de grande impacto ambiental, paisaxístico e na ordenación do territorio, e nos que estamos lonxe de acadar un modelo de desenvolvemento sustentable baseado en criterios económicos, sociais e ambientais. Moito mais cando, como é o caso, os niveis de protección e de ordenación ambiental do noso territorio están ben alonxados do que o País precisaría (como é o caso da Rede Natura e outras figuras de protección ambiental).

A expansión dun modelo forestal baseado na liberalización e amparo dos monocultivos madeireiros e de biomasa que incrementa o risco de incendio, a proliferación de proxectos devastadores de minería así como de instalacións de xeración e distribución eléctrica vinculadas a expropiacións exprés son consecuencias esperables da lei que se pretende impulsar.

Do mesmo xeito, e mentres se liberalizan trámites para o aproveitamento eléctrico (integración das fases de proxectos sectorial e autorizacións administrativa previa e de construción), non so se renuncia e apraza *sine die* a revisión do Plan Sectorial eólico de Galiza senón que as áreas de reserva e as áreas de conservación, así como as súas

franxas paralelas, pasan a ser consideradas áreas de desenvolvemento eólico. A ampliación do ámbito territorial do plan sectorial pola porta de atrás.

4.- Esta Lei representa un agravio comparativo e un tratamento desigual, favorecedor das grandes empresas e operadoras nos mercados, en detrimento da pequena e mediana empresa e do propio tecido de economía social. Mentres que o obxectivo é abrir o camiño dos grandes beneficios ás empresas do oligopolio eléctrico, as corporacións mineiras e ao lobby forestal, as iniciativas locais, de pequenas e medianas empresas, así como as diversas formas de economía social (nomeadamente as cooperativas) radicadas no territorio, creadores de máis emprego e con maior e mais diversificado impacto social, atopan a diario todo tipo de atrancos administrativos, limitación ou insuficiencia de axudas, e serán damnificadas pola declaración de utilidade pública dos grandes proxectos e a propia liberalización e flexibilización de trámites de todo tipo que levan asociadas.

5.- Facilita os procesos de expropiación forzosa e reduce a autonomía municipal ao facer máis sinxela consideración de determinados proxectos industriais como estratéxicos, con menor control urbanístico, declaración de utilidade pública, e de incidencia supra-municipal. O artigo 16 da norma reduce de 50 a 20 millóns de euros o volume de investimento mínimo necesario para que un proxecto sexa declarado estratéxico, e de 250 a 100 os postos de traballo directos creados, ou que simplemente precisen dunha especial necesidade de solo, non dispoñible coa oferta existente. Reduce tamén os prazos de consulta aos concellos, dificultando aínda máis o traballo de técnicos municipais que sofren as consecuencias dunha plantilla forzadamente mermada polas disposicións do goberno do Estado.

Ameaza o patrimonio cultural dos nosos montes; fai prevalecer o aproveitamento industrial fronte aos tradicionais e comunitarios; permite a corta xeneralizada onde antes precisaba permiso; e suprime a necesaria autorización de Medio Ambiente para os aproveitamentos madeireiros en zonas protexidas e reducindo de facto os niveis de garantías de protección ambiental das zonas e espazos protexidos, inclusive os da Rede Natura.

E a previsión dunha única nova planta de compostaxe (fracción orgánica dos residuos urbanos) pon de manifesto a renuncia fáctica ás propias previsións ao respecto no vixente e actualizado Plan de Residuos de Galicia.

6.- O novo réxime relativo á xestión, mantemento e conservación das áreas empresariais supón, en primeiro lugar, un desapoderamento de competencias municipais na materia, ao limitar e condicionar as potestades do planeamento respecto das entidades urbanísticas de conservación e, en segundo lugar, e como efecto derivado, a traslación á facenda municipal de custos de mantemento de ditas áreas.

7.- Do mesmo xeito, e contrariamente ao nivel de detalle do resto da lei, a previsión de mecanismo de mellora do financiamento daqueles concellos que incorporen medidas de

apoio á implantación de iniciativas empresariais, queda nun simple enunciado e na maior das indefinicións, sen mais concreción que a súa remisión ás leis de orzamentos.

8.- En resumo, a iniciativa lexislativa da Xunta de Galicia e do Partido Popular aposta por un modelo extractivo de escaso valor engadido e despreza un modelo económico social e natural sustentable. O espolio dos nosos bens naturais común é o espolio do noso futuro. O sacrificio de garantías ambientais e dereitos sociais é unha hipoteca para as vindeiras xeracións.

Apostamos por un modelo económico sustentable, democrático e que protexa o noso medio ambiente e patrimonio para o futuro. Apostamos por actividades que xeren máis valor engadido, máis emprego e de máis calidade.

Non queremos máis beneficios para uns poucos a costa de que os demais soportemos as súas consecuencias ambientais e económicas, e opoñémonos a que se nos negue a participación na toma de decisións que nos afectan como cidadanía. E como administración local opoñémonos ao desapoderamento, limitación ou degradación das nosas competencias na ordenación das áreas empresariais e nos trámites de autorización ou avaliación ambientais.

Por todas estas razóns o Pleno do Concello de Neda

ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar ao Parlamento galego á derogación da Lei 5/2017, de Fomento de Iniciativas Empresariais, por ser contraria aos principios de sostibilidade e protección do medio ambiente, da paisaxe e do patrimonio cultural, por alentar un modelo social desigual e inxusto, e por limitar o dereito das administracións locais e da cidadanía para participar na toma de decisións sobre proxectos empresariais de especial transcendencia económica e social.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a planificar, programar e executar alternativas políticas e económicas sustentables que garantan a preservación dos bens naturais, paisaxísticos e patrimoniais de Galiza, xeren rendas ecolóxicas e sociais, e que impulsen iniciativas económicas locais creadoras de emprego de calidade.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Parlamento de Galicia, Grupos Parlamentarios, así como á Xunta de Galicia.

DEBATE: Sra. Pena Barcia: El PsdeG ha votado contra esta ley, y desde el grupo socialista mostramos nuestro más absoluto rechazo a una ley profundamente ideológica, que responde al ADN conservador y neoliberal del PP, estamos ante una ley que da la bienvenida a la desregularización y justifica abiertamente la privatización, una ley que

provocará una clara devastación ambiental , una ley que no dedica ni una sola línea a los conceptos investigación e innovación y una ley que ni siquiera cuenta con memoria económica. Es la lamentable forma de legislar a la que nos tiene acostumbrados el PP y por ello daremos nuestro voto favorable a la presente moción.

Sr. Cabezón Lorenzo: Galicia está á cabeza das comunidades autónomas de España, porque goberna o PP. Esta Lei pretende, impulsa e fomenta a chegada de novas empresas que fortalezan o tecido empresarial galego, e se trata dunha Lei aberta a participación. Simplifica trámites administrativos, e integra nun so procedemento os trámites ambientais. Estamos a favor da mesma, porque consideramos que é unha Lei beneficiosa para Galicia, xa que temos que mimar ás empresas, que son as que xeran postos de traballo.

Sra. Bouza Bellón: estamos a favor da moción; xa votamos en contra desta Lei no Parlamento de Galicia, e temos que dicir que a través desta norma o PP favorece o espolio dos nosos recursos naturais, en favor das empresas, foráneas na súa maioría.

Sr. Pita Galego: fala o portavoz do PP que se trata dunha Lei aberta á participación, e temos que dicir que cando se quere participación non se tramita en verán e polo procedemento de urxencia. Por outra banda, a simplificación a que alude, non é tal, senón desregulación, e do que non cabe dúbida e de que mima ás empresas, pero con merma dos dereitos dos traballadores.

Sr. Cabezón Lorenzo: tramitouse en verán, porque o PP traballa todo o ano.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria, e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros do PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP, presta aprobación á transcrita moción.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MOVENEDA, PARA IMPULSAR UNHA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN ANIMAL E CONVIVENCIA

O portavoz do grupo municipal da lectura á moción, do seguinte tenor literal:

MOCIÓN PARA IMPULSAR UNHA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN ANIMAL E CONVIVENCIA

A recente aprobación da Lei de Benestar Animal polo Parlamento de Galicia e a falta dunha consignación orzamentaria mínima por parte do executivo autonómico evidencia unha vez máis a necesidade de establecer normas locais adaptadas aos tempos, ás demandas veciñais e ao interese da protección dos animais xunto cunha convivencia responsable.

A nova Lei autonómica avanza nalgúns aspectos fundamentais, reclamacións que viñan sendo continuadas por parte das entidades protectoras e dos colectivos que

advirten sobre un abandono animal que non deixa de medrar e que non recibe resposta precisa dende o conxunto dos poderes públicos.

Tamén, non é menos certo, que a derivación de competencias nesta materia dende a Xunta aos Concellos, coloca aos gobernos locais nunha situación complexa, xa que teñen que aplicar as disposicións, algunhas moi novidasas, como o 'sacrificio cero' ou a prohibición de encadeamento continuado, sen dispoñer dun investimento por parte da administración galega.

Só cunha remuda profunda da conciencia cidadá se poderá chegar a un Concello máis amigable e responsable cos animais, con taxas practicamente nulas de abandono e con casos moi puntuais de crueldade, pero aplicar a Lei de Benestar Animal nos vindeiros meses esixirá unha resposta económica da Xunta, que dote ao noso Concello de medios mínimos para afrontar o seu articulado con garantías.

A Xunta ten a obriga de apoiar ás administracións que están a asumir a práctica totalidade dunha batalla, o abandono e o maltrato, para a cal non se consignan suficientes recursos.

E por iso que propoñemos:

1. Instar á Xunta de Galicia a consignar os recursos orzamentarios necesarios para garantir a aplicación correcta da Lei de Benestar Animal de Galicia, así como o apoio técnico preciso para implementar as súas disposicións.
2. Instar ao Concello de Neda a elaborar unha Ordenanza de Protección Animal e Convivencia no prazo de seis meses, contando cos grupos políticos, entes veciñais e asociacións animalistas.

DEBATE: Sra. Pena Barcia: Esta ley de bienestar animal, la ley 4/17, es una ley necesaria, pero por parte del grupo socialista estamos muy lejos de celebrar su contenido, no sólo por no dotarla de presupuesto, sino porque ya me contará el PP como se puede dar a los concellos un deber de control y vigilancia sin dotar a los mismos de absolutamente ningún presupuesto o medios técnicos o infraestructura, es que ni siquiera la recaudación por aplicación del procedimiento sancionador sería para el Concello, sino para la Administración General de la Comunidad Autónoma, es decir, para la Xunta, y aún cuando algunos procedimientos por sanciones leves las tiene que tramitar el Concello y dicen que lo obtenido por esas sanciones se destinarán a planes o medidas de protección a los animales, lo que me recuerda la implantación de las tasas judiciales, según el ministro de entonces, Sr. Gallardón, se destinarían íntegramente a la justicia gratuita, resultando que tras un año de implantación de las tasas, el servicio de justicia gratuita ve reducido su presupuesto, pues ahora será exactamente igual.

Eso sí, se permite al Concello implantar alguna tasa fiscal, pues ya le decimos No gracias, no vamos a cargar a los vecinos con tasas para cubrir la ineficacia presupuestaria de la Xunta.

Por ello estamos a favor del punto primero de la moción, sobre necesidad de presupuesto y ello como decimos sin que esta ley nos entusiasme en muchos puntos y que echemos muchos en falta.

Pero no apoyamos la solicitud de elaborar, o mejor, cambiar, porque ordenanza ya la tenemos, en el plazo de 6 meses la ordenanza municipal, y ello por varios motivos:

1- esta ley 4/17 no ha entrado en vigor, fue publicada el 11 de Octubre, tiene un vacatio legis de 3 meses, por lo tanto no entra en vigor hasta el 11 de Enero de 2018, tiene una disposición final última donde se establece un plazo de 12 meses a partir de la entrada en vigor, plazo en el que la Xunta “regulará las materias pendientes de desarrollo precisas para la plena efectividad de esta ley, sin perjuicio del desarrollo normativo que corresponde a los Ayuntamientos en el ámbito de sus competencias”. Es evidente que tenemos que esperar puesto que esperamos que ese desarrollo necesario para la plena efectividad tiene que ser la dotación de presupuesto, creación de infraestructuras, a nivel supramunicipal o de mancomunidad de municipios, porque si no para Ayuntamientos como el nuestro es directamente imposible cumplir la ley a efectos de obligación de recogida de animales.

2- la protección de animales se encuentra regulada en la ordenanza 23, que no es sino una transcripción prácticamente literal de la anterior ley del año 93, Ordenanza aprobada en el año 2000, y evidentemente la nueva ordenanza ha de efectuarse para dar cabida a la nueva ley, pero una vez quede claro el desarrollo de la misma, lo que a nadie se le escapa es imposible en 6 meses toda vez, que el plazo de desarrollo de esta ley culmina en enero de 2019, si cumplen el plazo, lo que dudo.

3- La no modificación en este momento de la Ordenanza, en modo alguno significa el incumplimiento de la Ley, que ha de ser aplicada, toda vez que ninguna ordenanza municipal puede ser aplicada en contra de una norma de rango superior, ni mucho menos ante una norma con rango de Ley, por lo que el sometimiento a la ley será pleno.

Respecto a la elaboración de esa futura ordenanza, lo correcto sería decir modificación, por supuesto pueden participar los distintos grupos políticos, es que ni que decir tiene, pueden presentar todas las propuestas que estimen oportunas, cosa distinta es que se compartan esos criterios o no, de la misma manera que cualquier vecino puede hacer llegar las propuestas que igualmente estime oportunas, pero repito que desde el grupo socialista creemos y defendemos una democracia representativa, no asamblearia, por eso la modificación de las ordenanzas corresponde a los representantes políticos, que no vivimos de espaldas a los vecinos, que hablamos con ellos y hablan con nosotros, todos los días, y su aprobación corresponde al pleno.

Sr. Cabezón Lorenzo: de acuerdo con los argumentos del PSOE, pero también tenemos que decir que en los concellos tenemos dinero, que en vez de gastar en otras cosas, se puede gastar en campañas de sensibilización en esta materia. Por eso nos vamos a abstener.

Sra. Bouza Bellón: totalmente de acordo co punto 1º da moción, e tamén de acordo co expresado polo PSOE en relación co punto 2º. Temos que engadir que nos parece inadmisíble que esta lei non prohiba as corridas de touros.

Sr. Pita Galego: propoñemos o prazo de seis meses porque a tramitación das ordenanzas sempre se dilata no tempo. Non obstante, se con elo se consegue unha transacción, aceptamos suprimir do punto dispositivo 2º da moción o seguinte: “*no prazo de seis meses, contando cos grupos políticos, entes veciñais e asociacións animalistas*”.

VOTACIÓN: Coa emenda de supresión presentada polo PSdeG-PSOE, o Pleno, en votación ordinaria, e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros do PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 abstencións dos Sres. Concelleiros do PP, presta aprobación á citada moción, cuxo texto definitivo é o seguinte:

MOCIÓN PARA IMPULSAR UNHA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN ANIMAL E CONVIVENCIA

A recente aprobación da Lei de Benestar Animal polo Parlamento de Galicia e a falta dunha consignación orzamentaria mínima por parte do executivo autonómico evidencia unha vez máis a necesidade de establecer normas locais adaptadas aos tempos, ás demandas veciñais e ao interese da protección dos animais xunto cunha convivencia responsable.

A nova Lei autonómica avanza nalgúns aspectos fundamentais, reclamacións que viñan sendo continuadas por parte das entidades protectoras e dos colectivos que advirten sobre un abandono animal que non deixa de medrar e que non recibe resposta precisa dende o conxunto dos poderes públicos.

Tamén, non é menos certo, que a derivación de competencias nesta materia dende a Xunta aos Concellos, coloca aos gobernos locais nunha situación complexa, xa que teñen que aplicar as disposicións, algunhas moi novidasas, como o 'sacrificio cero' ou a prohibición de encadeamento continuado, sen dispoñer dun investimento por parte da administración galega.

Só cunha remuda profunda da conciencia cidadá se poderá chegar a un Concello máis amigable e responsable cos animais, con taxas practicamente nulas de abandono e con casos moi puntuais de crueldade, pero aplicar a Lei de Benestar Animal nos vindeiros meses esixirá unha resposta económica da Xunta, que dote ao noso Concello de medios mínimos para afrontar o seu articulado con garantías.

A Xunta ten a obriga de apoiar ás administracións que están a asumir a práctica totalidade dunha batalla, o abandono e o maltrato, para a cal non se consignan suficientes recursos.

E por iso que propoñemos:

1. Instar á Xunta de Galicia a consignar os recursos orzamentarios necesarios para garantir a aplicación correcta da Lei de Benestar Animal de Galicia, así como o apoio técnico preciso para implementar as súas disposicións.

2. Instar ao Concello de Neda a elaborar unha Ordenanza de Protección Animal e Convivencia no prazo de seis meses.

8º.- DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DA INTERVENCIÓN (DENDE O 01/01/2017 ATA 21/11/2017)

Neste apartado pola Interventora municipal, en base o disposto nos artigos 213 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundo da lei reguladora das facendas locais de 5 de marzo e o disposto nos artigos 4 e 6 do Real decreto 1174/87 de 18 de setembro polo que se aproba o Regulamento de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, fai constar o seguinte:

1º.-En virtude do establecido no artigo 215 do Real decreto mencionado anteriormente (2/2014), si no exercicio da función interventora o órgano interventor se manifestara en desacordo co fondo ou forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular por escrito os seus reparos antes da adopción do acordo ou resolución.

2º.-En virtude do artigo 218 do Real Decreto 2/2004, o órgano interventor elevará informe ó Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados. O contido deste apartado constitúe un punto independente do orde do día da correspondente sesión plenaria.

3º.-Que a relación de reparos emitidos pola Intervención municipal dende o 01/01/2017 ata o 21/11/2017 foi presentada o Pleno para o seu coñecemento.

4º.-Que ditos informes atópanse nas dependencias da Área de Intervención.

O Pleno toma coñecemento do asunto e queda enterado.

9º.- DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES E MOROSIDADE DOS TRES PRIMEIROS TRIMESTRES DO EXERCICIO 2017

Os principios de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira do sector público como base do funcionamento estrutural das Administracións Públicas resultan clave para o crecemento económico benestar social e contribúen a xenerar confianza no correcto funcionamento do sector público. Dada esta importancia, o lexislador redefiniu o principio de sostenibilidade financeira no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria y Sostenibilidade Financeira, incluíndo non so o control da débeda pública financeira, sino tamén o control da débeda comercial. Co obxecto de controlar a débeda comercial e erradicar a morosidade das Administracións Públicas se esixe crear un instrumento, automático e de fácil aplicación, para que o seu seguimento permita un control xeneralizado e eficaz, que sexa comprensible tanto para as Administracións Públicas como para os cidadáns e, sobre todo, que sexa público de acordo co principio de transparencia recollido no artigo 6 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

Con este propósito, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago o retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público seu período medio de pago que deberán calcular de acordo con unha metodoloxía común que se concreta a través do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo. El período medio de pago definido neste real decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en términos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, por la que se establecen medidas de loita contra la morosidade en las operacións comerciais.

La Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo “1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad. (.....) 2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios.

En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)

Do mesmo xeito, na súa Disposición Final sétima, modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público: “La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, incluíndo no apartado catorce unha disposición adicional quinta co seguinte tenor literal: “Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores. Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.” A

Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens o prestación dos servizos para aprobar as certificacións o documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partires desta data de aprobación para proceder o pago do prezo sen incorrer en mora. O inicio do cómputo do período medio de pago, tanto das operacións pagadas como as pendentes, polo que se refire ós Informes de Morosidade se computa, con carácter xeral, dende a recepción da factura

Pola Interventora Municipal e dando cumprimento ao establecido na lexislación anterior, a cal determina a obrigatoriedade das Corporacións Locais de elaborar e remitir o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sen prexuízo da súa presentación e debate no Pleno, un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas de cada Entidade Local, se da conta ao Pleno dos mesmos.

Ditos informes deberán estar referidos ao último día de cada trimestre natural e acompañados da documentación correspondente.

De seguido tamén se da conta sobre o período medio de pagamento correspondente os períodos indicados, que establece o Real decreto 635/2014 de 25 de xullo.

En ámbolos dous casos achégase a pertinente documentación que se pon a disposición de tódolos presentes.

O Pleno toma coñecemento do asunto e queda enterado do mesmo.

DATOS PMP PRIMER TRIMESTRE 2017

ENTIDAD	RATIO OPERACIONES PAGADAS (días)	IMPORTE PAGOS REALIZADOS (€)	RATIO OPERACIONES PENDIENTES (días)	IMPORTE PAGOS PENDIENTES (€)	PMP (días)
NEDA	-15,62	733.169,23	-10,51	85.305,43	-15,09
PMP GLOBAL		733.169,23		85.305,43	-15,09

Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral *	
Neda	(15,09)

DATOS PMP SEGUNDO TRIMESTRE 2017

ENTIDAD	RATIO OPERACIONES PAGADAS (días)	IMPORTE PAGOS REALIZADOS (€)	RATIO OPERACIONES PENDIENTES (días)	IMPORTE PAGOS PENDIENTES (€)	PMP (días)
NEDA	-18,70	591.778,02	-27,71	40.505,90	-19,28
PMP GLOBAL		591.778,02		40.505,90	-19,28

Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral *	
Neda	(19,28)

DATOS PMP TERCER TRIMESTRE 2017

ENTIDAD	RATIO OPERACIONES PAGADAS (días)	IMPORTE PAGOS REALIZADOS (€)	RATIO OPERACIONES PENDIENTES (días)	IMPORTE PAGOS PENDIENTES (€)	PMP (días)
NEDA	-23,11	663.559,07	-24,72	29.153,76	-23,18
PMP GLOBAL		663.559,07		29.153,76	-23,18

Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral *	
Neda	(23,18)

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén en primeiro lugar o **Sr. Cabezón Lorenzo**, portavoz do grupo municipal do PP, quen formula os seguintes rogos:

1º.- Solicitamos que se dean todas as contas dos gastos en publicidade que realiza este goberno municipal.

2º.- Pedimos que se proceda á limpeza da zona da estación, que hai moitas queixas e peticións dos veciños.

3º.- Como xa dixemos antes, no terceiro punto deste Pleno, ao tratar o tema do POS, solicitamos a resolución do problema que se xera a caseta de Pename que supón un tapón que impide o paso dos coches de bombeiros, sanitarios, etc.

Seguidamente toma a palabra o **Sr. Pita Galego**, portavoz do grupo municipal de MOVENEDA, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- O panel informativo que se puxo na Avenida de Algeciras, parécenos ben, aínda que supón un gasto excesivo. Todo o que sexa informar á veciñanza o consideramos adecuado, e por iso pedimos tamén que se repoñan os paneis de información que había na zona rural.

2º.- A contratación para a instalación do turbidímetro inflúe no contrato de servizo de auga que temos coa concesionaria?

Sr. Alcalde: son cousas distintas, non inflúe, aínda que vai aminorar os custos do servizo, por razón dos consumos.

3º.- Falando deste servizo, e respecto á modificación do contrato que se fixo no ano 2013, aínda non se nos deu copia dos informes emitidos naquel momento por parte de Secretaría e Intervención, e preguntamos si se nos van a entregar.

Sr. Alcalde: sí.

4º.- A modificación da taxa cifrábase en catro anos, e xa transcorreron. Se pode estudar xa de novo a súa modificación á baixa?

Sr. Alcalde: xa o estamos estudando.

5º.- Queremos saber como están os expedientes das obras do cartel publicitario do Regueiro, e da antena de telefonía móbil dos Pazos.

Sr. Alcalde: xa están iniciados expedientes de reposición da legalidade urbanística, no primeiro caso xa practicamente rematado, e no segundo, con orden de suspensión de obras e declaración de ineficacia da comunicación previa presentada.

6º.- Na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno falamos de convocar unha Comisión Informativa de obras e urbanismo, e pedimos que esa convocatoria se faga canto antes.

7º.- Aumentouse considerablemente o número de papeleiras do municipio, e queremos saber si inflúe no contrato do servizo de limpeza.

Sr. Alcalde: non incide directamente, aínda que é un considerable beneficio para o Concello e para a empresa encargada do servizo de limpeza.

8º.- Seguindo con este contrato, solicitamos que se nos xustifique documentalmente os días que se aluga a máquina varredora por parte da empresa encargada da limpeza, para o seu uso neste termo municipal.

9º.- Xa está inscrito na Axencia española de protección de datos o ficheiro de whatsapp?

Sr. Alcalde: sí.

Sr. Pita Galego: pedimos que se use para a difusión de eventos un teléfono oficial do Concello, e non o teléfono do Alcalde.

10º.- Pedimos fai un ano os informes técnicos sobre o tellado do pavillón polideportivo e sobre a pasarela do Río Beelle, a aínda non se nos entregaron, así que reiteramos aquí unha vez máis esa petición.

11º.- En materia de tráfico, temos que dicir que hai bastante falta de respecto ás sinais, paso de peóns, etc., e por iso pedimos que se faga un control de tales incumprimentos.

Sr. Seijo Martínez: estamos controlando.

12º.- Se colocaron moitos espellos no municipio, e sen embargo recentemente denegouse un por orientar a entrada e saída dun garaxe privado, cando outros están situados para dar servizo a garaxes privados, e por tanto solicitamos un criterio unitario de asignación e colocación.

13º.- Xa solicitamos moitas veces e o volvemos a reiterar, que se convoque ao Consello escolar municipal, sobre todo porque hai moitas peticións dos colexios que é necesario abordar e estudar.

Seguidamente intervén o **Sr. Caaveiro Puentes, concelleiro do grupo municipal de MOVENEDA**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Pedimos que se convoque a Comisión Informativa de Medio Ambiente, para tratar temas esenciais, como a repoboación do monte de Ancos, os incendios forestais, etc.

2º.- Se realizaron podas no parque de Albarón, e queremos preguntar si finalmente se van a eliminar todas as acacias.

Sr. Alcalde: si, se trata de eliminar as especies invasoras.

3º.- Se está traballando no tema, xa tratada, de controlar o caudal do Río Beelle?

Sr. Alcalde: estamos pendentes de Augas de Galicia.

4º.- Teremos a vindeira reunión da Comisión de memoria histórica antes de que remate o ano?

Sra. Bouza Bellón: espero que si.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e vinte e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral